

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 4 DE FEBREIRO  
DE 2013 POLA QUE SE PUBLICA A  
CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA  
PARTICIPAR NO CURSO INTENSIVO ERASMUS  
SOBRE A WISDOM 2013 (Web Information  
Systems Data Organization Modelling), QUE TERÁ  
LUGAR EN HELSINKI DO 14 AO 27 DE ABRIL  
DE 2013**

O Programa de Aprendizaxe Permanente é o programa da Unión Europea no ámbito da aprendizaxe permanente. No marco deste programa pódense presentar proxectos para desenvolver cursos intensivos (IP), que son programas de estudos de curta duración no que participan estudantes e persoal docente de institucións de ensino superior de diferentes países participantes co obxectivo de fomentar o ensino eficaz e multinacional sobre temas especializados, permitir que estudantes e persoal docente traballen en grupos multinacionais e permitir que membros do persoal docente intercambien puntos de vista sobre o contido educativo e novos enfoques curriculares, e que proben métodos docentes nun entorno académico internacional.

A Universidade de Vigo participa desde o ano 2010 no WISDOM (Web Information Systems Data Organization Modelling), programa derivado del MISSLOGO (Management Informations Systems Supporting Local Government) no que tamén participamos e, que se ven organizando como programa intensivo desde 2008, coa finalidade de estudar, investigar e explicar os novos retos que se están desenvolvendo, no ámbito dos sistemas de información.

En virtude de todo isto, esta Reitoría

## **RESOLVE**

Publicar unha convocatoria de 5 bolsas destinadas a estudantes da Escola Superior de Enxeñería Informática.

## **BASES DA CONVOCATORIA**

### **1.- Requisitos dos/as solicitantes:**

Os requisitos xerais para todos/as os/as estudantes da Universidade de Vigo son os seguintes:

- Estar matriculados/as na Universidade de Vigo no curso 2012-13 no último curso do grao en Enxeñería Informática, o segundo ciclo de Enxeñería Informática ou de calquera dos másteres impartidos na ESEI, preferentemente das materias de Planificación de Sistemas de Información ou Sistemas de Información. en calquera dos cursos oficiais que se imparten na ESEI.
- Ter un nivel medio de coñecementos de inglés.
- Ser cidadá/n dalgún dos 27 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, ou dun país candidato á adhesión ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado/a en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no PAP, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.

### **2.- Duración da estadia:**

O curso intensivo terá lugar do 14 ao 27 de abril de 2013 en Helsinki (Finlandia).

### **3- Incompatibilidades:**

Os/as estudantes seleccionados/as non poderán gozar dunha bolsa de intercambio no momento da realización do curso intensivo.

## 4- Financiamento:

### 4.1.- Axuda de viaxe:

A Universidade de Vigo farase cargo dos gastos de viaxe dos/as estudantes. Os gastos de viaxe financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 2013 ORI1 121D ORI 226.99, dotada con 4.000 euros para este proxecto.

### 4.2.- Axuda da Unión Europea

A Vilnius Kolegija de Vilnius (Lituania), universidade coordinadora do Programa Intensivo Erasmus "WISDOM 2013 (Web Information Systems Data Organization Modelling)", financiará cos fondos europeos recibidos para a xestión do programa os gastos de aloxamento e manutención dos/as estudantes participantes no curso.

## 5- Solicitudes , prazos e lugar de presentación:

O formulario de solicitude atoparase na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais: <http://internacional.uvigo.es>.

O/A solicitante deberá cubrir o formulario. Unha vez finalizado o proceso deberá imprimir unha copia que se presentará coa seguinte documentación:

Fotocopia do DNI.

Currículum Vitae.

Certificacións de coñecementos de idiomas segundo o punto 6 desta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta Resolución no rexistro da Universidade de Vigo e rematará o **15 de febreiro de 2013**.

A solicitude e máis a documentación requirida presentaranse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Recibidas as solicitudes, establécese un prazo de 3 días naturais para emendar erros e achegar documentación a partir da publicación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as.

## 6.- Coñecementos de idiomas:

O coñecemento do idioma empregado como lingua de ensino na universidade de destino valorarase no proceso de selección dos/as estudantes. Os coñecementos previos poderán acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións (níveis mínimos):

Inglés, nivel B1:

Marco Común Europeo de Referencia: nivel B1 (nivel intermedio 2 da EOI ou 3º curso do plan vello ou acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo)

PET Cambridge

Trinity: ISE I

TOEFL: entre 57-86 (req. superación de las 4 macrodestrezas)

IELTS: nivel 4.0-5.0

Bulats: 40-59 (req. superación de las 4 macrodestrezas)

No caso de non presentar ningunha certificación que acredite este coñecementos, os/as estudantes deberán realizar unha proba á que serán convocados polo coordinador do proxecto, o Prof. Manuel Pérez Cota.

Asemesmo, todos/as solicitantes serán convocados/as a unha entrevista persoal.

## 7.- Selección:

A selección dos/as estudantes será realizada por una Comisión na que participarán:

- O coordinador en España das actividades do WISDOW, Prof. Dr. Manuel Pérez Cota.
- O responsable de Relacións Internacionais da Escola Superior de Enxeñería Informática.

A selección farase tras a valoración dos expedientes académicos, os coñecementos de inglés e a entrevista persoal.

## 8.- Resolución e notificación

Na Escola Superior de Enxeñería Informática publicarase unha relación provisional de bolseiros/as seleccionados/as e concederase un período de reclamación de 5 días hábiles.

Transcorrido este prazo, a Oficina de Relacións Internacionais fará publica unha resolución definitiva co nome dos/as seleccionados/as e dos/as suplentes. No caso de se produciren renuncias, as bolsas vacantes seranlles adxudicadas directamente aos/ás suplentes sen que se produzan modificacións nas prazas xa asignadas e aceptadas polos/as solicitantes seleccionados/as.

## 9.- Obrigas dos/as seleccionados/as

Os/As seleccionados/as deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito na Oficina de Relacións Internacionais nun prazo de dez días.

Os/As seleccionados/as deberán contratar un seguro de asistencia en viaxes.


## 10.- Revogación

No caso de que non se leve a cabo a estadia ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o/a bolseiro/a deberá reintegrar á Universidade de Vigo o importe dos gastos de viaxe. A Universidade de Vigo reservarase o dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta norma.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o/a interesado/a poderá optar por interpoñer conta esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR  
Por Delegación (R.R. do 05/09/2011)  
O vicerreitor de Relacións Internacionais  
Manuel J. Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no tabeleiro desta Universidade.  
Vigo, 4 de febreiro de 2013

A secretaria de Relacións Internacionais  
Elena Quintas Salgado